

Asemblea Xeral Ordinaria da FGCMF de **29 de decembro do 2007**

Hora: 17,00 1ª Convocatoria.

17,30 2ª Convocatoria.

Lugar: Avda. de Galicia, s/n. (antiga Comandancia de Mariña)
Cambados

ORDE DO DÍA:

1. Lectura e aprobación, se procede, das actas anteriores.
2. Informe do estado de contas.
3. Informe de xestión da Xunta Directiva
4. Orzamento 2008. Proposta.
5. Calendario 2008. Propostas.
6. Brest 2008.
7. Apoio da candidatura da Torre de Hércules como Patrimonio da Humanidade.
8. Recoñecemento de agradecemento ó Instituto Hidrográfico portugués, polo seu papel como informador na crise do Prestige.
9. Apoio da candidatura do Patrimonio Inmaterial Galego-Portugués como Patrimonio da Humanidade pola Unesco.
10. Proposta de colaboración coa Asociación de Enxeñeiros Navais. Socio colaborador ou convenio de colaboración.
11. Asuntos varios.
12. Rogos e preguntas.

Comeza a Asemblea en segunda convocatoria ás 17,30 por non haber o quórum necesario na primeira convocatoria das 17,00h.

A mesa que preside a Asemblea fórmana os seguintes membros da Xunta Directiva:

Presidente:	Fernando Piñeiro Oubiña.
Vice-Pres. 1º	Francisco Fernandez Rei.
Vice-Pres. 2º	João Paulo Moreira Batista.
Tesoureiro	Javier Moraña Fontán.

Escusan a súa ausencia o vogal Osvaldo Davila e o secretario Uxío Allo. O Vicepresidente F. Fernández Rei actúa de secretario.

Asiste representación das seguintes asociacións membros da FGCMF:

ASOCIACIONES ASISTENTES

Tamén están representadas as seguintes asociacións colaboradoras:

1. Clube Mariño Salnés, 2 Barcos do Norte

Asisten como invitados: Guillermo Gefarel, presidente da Asociación de Enxeñeiros Navais de Galicia, e Xacobe, do *Hidria II*.

Antes de comezar cos puntos da Orde do día, o Presidente, pide a inclusión dun novo punto, que non figura na orde do día, relativo á candidatura do Patrimonio Inmaterial Galego-Portugués, que se inclúe como punto 9 por acordo unánime de todos os presentes.

O Presidente informa que, por fin, están legalizados (salvados todos os atrancos) os Estatutos da Federación e comenta que é necesario contar cun Libro de Socios da FGCMF. Antón Pais pregunta polos motivos de non estaren aínda legalizados os Estatutos. Informaselle que básicamente foi pola lentitude das asociacións a hora de aportar os seus datos.

1. Lectura e aprobación, se procede, das actas anteriores.

Sen que conste ningunha observación, apróbanse as actas que se enviaron por correo electrónico e das que houbo copia impresa na sede da Federación para consulta antes de dar comezo a asemblea. Son as actas das asembleas extraordinaria e xeral ordinaria do 24 de marzo do 2007, da asemblea xeral ordinaria do 8 de xuño do 2007, da asemblea extraordinaria de 15 de setembro do 2007 e da asemblea xeral ordinaria do 27 de outubro do 2007.

2. Informe do estado de contas.

O Presidente Fernando Piñeiro informa o estado de contas, sinalando que non hai desaxustes salientables e no mes de marzo como sinalan os estatutos presentaránse as definitivas.

A seguir informa da presenza no Salón Náutico de Barcelona (no 2008 haberá que pagar 300 euros por acudir a ese evento) e da posibilidade de acudir á Expo de Zaragoza, para o que hai un proxecto en marcha que está moi no aire. Tamén informa do ofrecemento de participar, coa empresa do Acquario do Grove, en diversos portos galegos, con conferencias diversas.

Braulio Puga informa da estancia no Salón de Barcelona e transmite a súa impresión de que o goberno catalán vai investir moito diñeiro para potenciar o asociacionismo en Cataluña.

Fernando e Braulio sinalan que en Barcelona se tratou o tema da listaxe dos barcos tradicionais e que a valoración da presenza no Salón é positiva, a pesar da odisea do desprazamento e do feito de que o pavillón da FGCMF estivese nun lateral do Salón e mal sinalizado, o que sen dúbida restou visitantes.

3. Informe de xestión da Xunta Directiva no bienio 2006-07

. Antes de comezar o informe de xestión, Fernando Piñeiro aclara que non se realizou a contratación dunha persoa para traballar na Federación tal como se informara, e iso debeuse a motivos totalmente alleos á Xunta Directiva; e informa que *O Apupo* dedicado ó Encontro de Ferrol, que estaba totalmente preparado, non se puido editar por problemas de última hora coa imprenta.

E a seguir presenta un longo informe relativo á xestión da Xunta Directiva que remataba na presente asemblea o seu mandato:

“Un dos obxectivos da FGCMF, como é ben sabido, é a socialización do patrimonio material e inmaterial dos mares e ríos galegos e do norte de Portugal, e ó mesmo tempo o recoñecemento social da xente e dos colectivos que traballan arreo e xenerosamente por esa socialización.

Cando un bota a vista atrás e pensa no prestixio que tiña ese labor hai uns cantos anos, vemos que moito se ten avanzado. Aínda que ese obxectivo nunca se vai acadar, sen intentar caer en ningún tipo de triunfalismo, esta Xunta Directiva está moi orgullosa non tanto do que ela fixo, senón do moito que fixeron neste aspecto socializador os diferentes colectivos e da heredanza recibida. Erros e desacertos seguro que detectastes abondo, nós sí os vimos; pero está claro que unicamente non se equivoca a persoa que non trata de facer cousas e quen non toma decisións, esa nunca se equivoca.

Só quero salientar uns cantos feitos relevantes na travesía que pilotamos estes dous anos:

3.1. Presenza en eidos de Comunicación.

Hai un bo dossier de entrevistas en xornais, tanto en edicións comarcais como de ámbito galego e non galego, á parte da participación de colectivos da Federación en programas como *De proa a popa* e *Vivi-lo mar ou monograficos especiais*.

3.2. Participación en Congresos.

Estívose en Noruega e en varios eventos organizados polo Cetmar, entre eles no Porto, onde Lino Prieto representou a FGCMG.

Na “Semana do mar” de finais de outubro en Santiago de Compostela, organizada pola Fundación Sotelo Blanco, varios dos relatores (F. Fernández Rei, Dionísio Pereira, Fernando Piñeiro e Luis Rei) eran membros destacados da Federación, que deron a coñecer o estado da recuperación e da investigación no patrimonio marítimo e fluvial; ademais, alí estiveron toda a semana unha dorna polbeira e unha ghamela coruxeira aparelladas por Uxío Allo e por Jorge de Breadouro, respectivamente.

3.3. Fixéronse presentacións da revista *Ardentía* en moi diversos lugares, da costa e do interior de Galicia. No 2006 fixéronse varias no Hidria, ás veces nada máis atracar o Barco da Memoria, e no 2007 tamén foron unhas cantas. Houbo sempre moito público alleo á

Federación, que compraron alí revistas, e que en moitos casos ignoraban a existencia da Federación e do seu labor.

Fernando Piñeiro pide que conste en acta o agradecemento da asemblea ó equipo redactor de *Ardentía* polo xeneroso traballo realizado na realización e difusión da revista e polo que *Ardentía* significa como embaixadora e difusora da cultura marítima e fluvial de Galicia e do norte de Portugal. Acéptase esa petición.

3.4. Entre as accións e eventos onde a Federación estivo moi presente cómpre salientar: :

- NaBeira08. a Exposición "Patrimonio do Vento e do Sal" realizada integramente por membros da Federación estivo en dez portos galegos, xunto con varios barcos tradicionais.

- A vella exposición da FGCMF segue a ser dinamizada, sen parada, polo CEIDA por centros de ensino de toda Galicia.

- VIII Encontro de Embarcacións Tradicionais(Ferrol)

- Brest08

- NAU07 (Vigo): Deporte Galego dedicoulle practicamente o pavillón ás embarcacións tradicionais.

3.5. Consolidación Exterior. A Federación tivo destacada presenza en:

- Catalunya – Illes Balears

- Málaga

- Portugal (Convenio con Aveiro)

- Pais Basco

- Salón Náutico de Barcelona

Fernando Piñeiro sinala que nos contactos con colectivos non galegos á xente resúltalle moi difícil entender que sexa tan produtivo o labor da nosa Federación. Pola súa parte Antón Pais advirte que, unha vez que a Federación acadou tal nivel de presenza, hai que contar con posibles envexas e tamén co feito de que poden empezar a aparecer empresarios que pretendan facer negocio.

3.6. Navegación:

- Consolidouse o cartón de navegante como símbolo de identidade da FGCMF.

- Logrouse a xestión dun RC colectivo.

- Consolidouse o Trofeo Galicia de Dornas a Vela, e na entrega de trofeos celebrado o pasado outubro na cea contouse coa asistencia da Secretaria Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.

3.7. Relacións de Colaboración:

- Coa Asociación de Enxeñeiros Navais de Galicia, que foi invitado ás xornadas de Ferrol celebradas no *Hidria*.

- Co Museo do Mar de Galicia, co que houbo unha colaboración excepcional desde o Encontro da Illa e que financiou as xornadas dos Encontros de Cambados e Ferrol, co agradecemento especial o deo director Pablo Carrera.

3.8. Presenza na inauguración do Museo do Mar.

Finalmente Fernando Piñeiro referiuse a que o pasado día 21 en Vigo, na inauguración do Museo do Mar de Galicia, Ánxela Bugallo Conselleira de Cultura e Deportes, diante do Presidente da Xunta de Galicia e da Presidenta do Parlamento de Galicia e doutras autoridades e en presenza dun público dunhas 500 persoas fixo unha gabanza explícita do labor da FGCMF no relativo á difusión e defensa da Cultura Marítima Galega e Fluvial.

Alí no Museo expuxéronse, e seguen expostas, unha dorna polbeira e unha ghamela coruxeira, diante da recreación dunha lonxa tradicional, e tan impactante é a súa presenza nese marco que na información que o xornal ***El País*** do sábado 22 lle dedicou a esa inauguración, a foto ten en primeiro plano eses dous barcos, a dorna do clube Mariño Salnés e a coruxeira de Breadouro.

E a todos os asistentes á inauguración do Museo, entre eles moitos membros de colectivos da Federación, regalóseulles a **Axenda do mar** realizada por membros do Grupo Etnográfico Mascato, concretamente por Paco Fdez. Rei, Emilio Insua, Xaquín Lores e Luis Rei e coa colaboración de Lino Prieto da Dorna Meca. Nesa axenda aparecen moitos barcos de asociacións da FGCMF, á vez que algunha das nosas regatas está alí fermosamente editadas.

3.9. A web da Federación.

O presidente rematou o informe de xestión da Xunta Directiva do bienio 2006-07 facendo unha referencia especial á web, na que particularmente Xaquín Lores tanto leva traballado, porque o papel que cumpre a web para dar a coñecer a Federación é fundamental. Foi moi satisfactorio para a Xunta Directiva ler en *La Voz de Galicia* do pasado venres 21 de decembro unha crónica sobre carpintería de ribeira e ver que remataba con estas palabras: "Para saber más, la web de Federación Galega pola Cultura Marítima: www.culturamaritima.org".

E como Presidente da Federación Fernando pide que conste o seu expreso agradecemento tanto á Xunta Directiva como ás diversas asociacións da FGCMF ue fixeron posible todo canto aquí se leva relatado.

4. Orzamento 2008. Proposta.

Antes de presentar a proposta de orzamento para o 2008 (**anexo I**), Fernando Piñeiro sinala que hai moito desleixo no pagamento das cotas das asociacións. Á vez que explica a proposta de orzamento,

sinala que cómpre ter en conta eventos do 2008 nos que a Federación debe estar: o “Día del Pescador i oficis de la Mar”, en Ametlla de Mar (Tarragona) do 3 ó 6 de xullo; o Salón Náutico de Barcelona e o Encontro de Andalucía, pois os andaluces acababan de desloca Ferrol un barco.

Braulio Puga apostila que na festa do “Día del Pescador” participa toda a xente de Ametlla e unha das actividades é pescar de noite o bonito (achega tríplicos con toda a información desa festa) e informa que na primeira semana de agosto Mariñeiros de Bouzas van organizar o III Encontro de Embarcacións Tradicionais Vila de Bouzas. Santi, de Fasquía da Illa, advirte que ese evento coincide cunha regata de dornas no Vao.

5. Calendario 2008. Propostas.

Informase de que o único calendario existente é o das regatas de dornas.

O representante de “Dorna” de Portonovo informa que a súa asociación quere celebrar unha regata de dornas en xuño e pide que se integre no calendario.

Fernando Piñeiro pide que se manden propostas de datas á web, para logo en xuntanza decidir o calendario definitivo.

Joao Baptista informa de eventos que se van celebrar en Portugal: o do Seixal (17-18 maio), 750 anos da Cidade de Viana (14-24 xuño) no que o concello quere encher o río de barcos, o bianual de Aveiro e o de Sarilhos Pequeno (este a finais de agosto).

Antón Pais considera que debería haber máis contactos con Portugal e propón a creación dun “equipo volante”, un comando de intervención rápida para asistir a actos de divulgación da cultura marítima e fluvial, e non só para as regatas. Fernando Piñeiro contesta que Portugal merece atención especial, e que ese comando de intervención xa existe, sempre coas mesmas persoas, e sempre sen cobraren.

Luis, de Rabandeira, manifesta que hai xente que está en todos os eventos, que outra xente tamén quereda estar pero que non ten información, e á xente de Rabandeira lle gustaría estar en Brest co galeón *Nueva Sofía*. Fernando Piñeiro contesta que a información fornécese ó mesmo tempo a todas as asociacións, ben a través da web, ben en cada asemblea.

6. Brest 2008.

Fernando Piñeiro informa dos contactos con Alexandre Giráldez, que na Consellería e Cultura e Deporte é quen se ocupa de organizar os actos da delegación galega en Brest. Di que se lle mandou unha listaxe orientativa dos barcos que van acudir, trátase dunha frota de

barcos moi variados. Os bretóns arelan a presenza dunha boa frota de dornas, tal como teñen manifestado por escrito á presidencia da Federación.

7. Apoio da candidatura da Torre de Hércules como Patrimonio da Humanidade.

Debátese o posible apoio da Federación á candidatura da Torre de Hércules como Patrimonio da Humanidade, a proposta de Amigos das Embarcacións Tradicionais da Coruña. Anton Pais manifesta o seu apoio, porque forma parte dos obxectivos da Federación e pide que no futuro se pida a protección de obras portuarias, especialmente a “escollera” do porto de Bares e o peirao de Palmeira.

Despois doutras intervencións apóaise por unanimidade a proposta.

8. Apoio da candidatura do Patrimonio Inmaterial Galego-Portugués como Patrimonio da Humanidade pola Unesco.

F. Fernández Rei informa da nova campaña desa candidatura, que como no caso anterior parte da asociación “Ponte nas ondas”. Antes a candidatura saía da base, pero agora ten que ser proposta por un goberno: o español xa propuxo a candidatura da dieta mediterránea, preténdese que o goberno portugués apoie a a do patrimonio inmaterial, e que tamén a apoie o goberno español. Lémbrese que na candidatura rexeitada en París en novembro do 2005 a Federación tomara parte moi activa, como de todos é ben sabido.

Despois de varias intervencións, todas elas favorables, apóaise por unanimidade a proposta.

9. Recoñecemento de agradecemento ó Instituto Hidrográfico portugués, polo seu papel como informador na crise do Prestige.

Fernando Piñeiro louva o papel dese organismo portugués coa súa excelente información cando a crise do Prestige, ademais de o seu director deslocarse á vila do Grove para participar nunhas Xornadas.

Apróbase por unanimidade ese recoñecemento.

10. Proposta de colaboración coa Asociación de Enxeñeiros Navais. Socio colaborador ou convenio de colaboración.

O presidente dálle a palabra a Guillermo Gefael, Presidente da Asociación de Enxeñeiros Navais de Galicia, invitado á asemblea para que expoña os obxectivos da Asociación e ver se se pode integrar na FGCMF como socio colaborador.

Gefael expón que para a Federación sería útil a colaboración da Asociación de Enxeñeiros Navais, da que é Presidente. Aclara que o Colexio de Enxeñeiros Navais é unha entidade máis corporativa. Di que os membros da súa Asociación son os primeiros interesados en que os enxeñeiros navais non teñan que asinar os informes para a construción de barcos tradicionais, e que eles poden axudar a definir as características técnicas desas embarcacións.

João Baptista considera fundamental o apoio dos enxeñeiros navais, porque en última instancia hai que chegar a eles; pero salienta que os barcos tradicionais fanos os carpinteiros de ribeira, que non aprenderon nos libros a técnica construtiva, polo que non se poden seguir as normas dos enxeñeiros navais ó respecto.

Antón Pais manifesta o seu pleno acordo coas palabras de João e sinala que igual que hai arquitectura popular e arquitectura culta existe unha construción de barcos tradicionais e unha construción culta, a dos enxeñeiros. Existe unha tipoloxía de construcións populares, tanto na arquitectura como nos barcos, que se adaptaba ó medio, logo veu a construción con planos. Para Antón cómpre definir qué é unha embarcación tradicional usando parámetros da construción moderna.

Xesús, de Rabandeira, fala da construción das embarcacións tradicionais e considera que puido perderse boa parte desa construción tradicional.

Fernando Piñeiro agradécelle a Guillermo Gefael o interese que el e a asociación que representa teñen manifestado na problemática dos barcos tradicionais e pide que se considere se a Federación asina un convenio coa Asociación de Enxeñeiros Navais ou se esta pasa a ser socio colaborador.

11. Asuntos varios.

11.1. Participación no movemento ecoloxista

Fernando Piñeiro expón que un membro dun colectivo da Federación lle comentou a posible participación da FGCMG no movemento ecoloxista, dada a ameaza que hai nestes momentos sobre o litoral en diversas zonas.

Fernández Rei fala do movemento asociativo “Galiza non se vende” e a defensa que do litoral fai algún deses colectivos na defensa de fondeadoiros tradicionais, onde traballa xente que á vez pertence a algún colectivo da Federación.

João Baptista comenta o papel didáctico da Federación para expoñer os problemas que afectan ó patrimonio (in)material da costa e das ribeiras e di que temos que ser parte dunha plataforma de opinión, que as embarcacións xa están mutiladas e xa non pescan, e mais o estarán se quedan sen os fondeadoiros tradicionais.

Antón Pais comenta que en Bretaña de recuperaron tramos do litoral, o que tamén se podería facer na costa de Galicia.

11.2. Facturas

Fernando Piñeiro di que están tramitadas todas as facturas relativas ó Encontro de Ferrol e pide paciencia ás asociacións ás que se lles debe, que todas van cobrar.

12. Rogos e preguntas.

Non hai rogos nin preguntas.

E non habendo máis asuntos que tratar, dáse por rematada a assemblea ás 19,25h

Cambados, 29 de decembro do 2007

O Secretario accidental
Francisco Fernández Rei

Vº e Pr.
O Presidente:
Fernando Piñeiro Oubiña.